



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

MEMORIA DA ALCALDÍA: SC núm. 4/2026

No cumprimento do establecido no artigo 37.2 do RD 500/90, polo que se aproba o Regulamento orzamentario, esta Alcaldía xustifica a necesidade da tramitación do presente expediente de modificación orzamentaria, modalidade suplemento de crédito, tramitado co número **4/2026**, especificando as partidas e os medios ou recursos que haberán de financeira, mediante a presente **MEMORIA**.

I.- Antecedentes administrativos:

Primeiro: Por Providencia da Alcaldía do 26/02/2026 incóase o procedemento para a confección e aprobación da Liquidación do Orzamento de 2025.

Segundo: Con data de 02/03/2026 a Secretaría-Intervención emite o seu informe núm. 26/2026 referente á aprobación da liquidación do expediente do orzamento.

Terceiro: Con data de 02/03/2026 a Secretaría-Intervención emite o seu informe núm. 27/2026 relativo á da estabilidade orzamentaria, regra de gasto e nivel de endebedamento na liquidación do Orzamento de 2025.

Cuarto: Por Resolución da Alcaldía núm. 118/2026 do 02/03/2026 apróbase a Liquidación do Orzamento de 2025.

Vistas as seguintes magnitudes derivadas da Liquidación do Orzamento do exercicio 2025 e o nivel de endebedamento a 31.12.2025 do Concello de Lousame:

- Superávit orzamentario de **173.369,67 €**
- RLTX de **480.807,44 €**
- Endebedamento a 31.12.2025: **944.036,95 €**
 - o Con entidades bancarias ou financeiras: 0,00 €
 - o Coa Deputación Provincial (Préstamos Provinciais) a 31.12.2025: 769.226,82 €
 - o Co IGVS (Fondo de Cooperación 2022 e 2023) a 31.12.2025: 174.810,13 €
- Período Medio de Pago a Proveedores a 31.12.2025: **19,39 días**

II. Obxecto da modificación orzamentaria

Parte do RLTX tivo que ser empregado para financiar Incorporación de Remanentes de Créditos do exercicio 2025 ao 2026, de incorporación obrigatoria, por tratarse de proxectos de gasto afectados ou por tratarse de gastos xa comprometidos. En concreto, na MC 3/2026, modalidade incorporación de remanentes de crédito, empregouse a contía de 19.708,57 €.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Para esta Alcaldía, é necesario dotar o crédito, mediante a tramitación dun Suplemento de Crédito financiado con RLTX para a seguinte finalidade: **Cancelación da débeda (como entrega a conta, en tanto non se resolvan os recursos interpostos) coa MCSB a 10/03/2026, que se concreta en:**

Notificación	Mes	Cota ordinaria	Cota complementaria	Cota extraordinaria	Total mensual
19/12/2025	Novembro	1.089,62	29.844,71	Aprobada	30.934,33
19/12/2025	Decembro	1.089,62	29.844,71	Aprobada	30.934,33
03/02/2026	Xaneiro	1.089,62	29.844,71	0,00	30.934,33
Total CE 4/2026					92.802,99

As aplicacións orzamentarias nas que se dotará o crédito específico para poder aprobar as anteriores liquidacións xiradas pola Mancomunidade, son as seguintes:

AG	Econ.	CI	OR	CD	SC 4/26	CD
1622	46300	177.266,00	176.754,70	511,30	92.291,69	92.802,99

III. Xustificación do carácter indemorable da modificación

A pesar de que as liquidacións foron recorridas, a aprobación das liquidacións faise como unha entrega a conta das cantidades que definitivamente queden fixadas unha vez resoltos os recursos administrativos interpostos.

IV. Xustificación do carácter específico e determinado dos gastos

Este aspecto queda xustificado polo detalle presentado dos gastos.

V. Inexistencia no estado de gastos do orzamento de crédito orzamentario axeitado e suficiente

No orzamento definitivo do 2026 non existe crédito suficiente para a asunción deste gasto, por iso debe ser suplementado.

VI. Financiamento da modificación

O suplemento de crédito será financiado co Remanente de Tesourería para gastos xerais, derivado da Liquidación do exercicio 2025, de acordo cos artigos 177 do TRLRFL e 36.1.a) do RD 500/1990, de 20 de abril.

Documento asinado dixitalmente.

O Alcalde, Esteban Ares García